

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

CENTRO: IES O RIBEIRO - RIBADAVIA

GRUPO: 1º ESO

MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA

DEPARTAMENTO: EDUCACIÓN FÍSICA

DATA: 13/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 1º ESO	
Criterios de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Recoñecer as actividades físicas como forma de ocio activo e distinguir as fases dunha sesión.	Prepara e realiza quecementos e fases finais de acordo cos contidos a realizar.
2. Recoñecer e aplicar os principios de alimentación para mellorar a saúde.	Distingue o impacto que pode ter a alimentación nun estilo de vida saudable e identifica as actividades relacionadas.
3. Desenvolver e incrementar as CFB dende a perspectiva da súa saúde e mostrando unha actitude de autoesixencia.	Alcanza niveis de condición física saudables acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e as súas posibilidades.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Avaliación e cualificación: 3ª avaliación e final	
Avaliación	Procedementos: observación das tarefas realizadas e enviadas a través de resúmenes semanais do plan de actividade física voluntario realizado polo alumnado.
	Instrumentos: lista de control.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Media das dúas primeiras avaliacións e subida de nota de ata 2 puntos ao alumnado que presente as tarefas durante este terceiro trimestre.
Proba extraordinaria de setembro	Probas de condición física: carreira contínua 15 min, mantemento de plancha abdominal.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: <ul style="list-style-type: none">- Non hai alumnos/as coa materia pendente.- Aqueles alumnos/as que non teñan superadas as dúas primeiras avaliacións ou algunha delas, terán que realizar correctamente as tarefas de repaso e consolidación enviadas no terceiro trimestre.
	Criterios de cualificación: A correcta entrega das tarefas de repaso e consolidación de coñecementos enviadas.
	Procedimentos e instrumentos de avaliación: <ul style="list-style-type: none">- fichas, vídeos de exercicios, exercicios de repaso e consolidación.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre	
Actividades	Tarefas de promoción da práctica de actividade física na casa.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	En consonancia co fin da lexislación educativa, promóvese que o alumno contribúa ó seu propio aprendizaxe, a través de tarefas como poden ser os retos de actividade física que se propoñen de forma voluntaria. Tamén tendo en conta os contidos impartidos nas anteriores avaliacións, os alumnos constrúen de forma guiada e supervisada polo profesor o seu plan de actividade física para o traballo nestes días.
Materiais e recursos	Vídeos, fichas de repaso, páxinas web, documentos PDF.

4. Información e publicidade

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Abalar, correo electrónico e a través dos titores, aula virtual do centro e google classroom.
Publicidade	Páxina WEB do centro e aula virtual do centro, no departamento de Educación Física.